



CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 - FAX.: 981.69.00.05

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN XEFE DE BRIGADA, UN PEÓN CONDUCTOR E TRES PEÓNS PARA A APLICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA D MEDIO MEDIO RURAL E O MAR E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA COFINANCIADA CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

Ó abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Mar e o Concello de Tordoia para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa, as presentes bases teñen por obxecto a contratación laboral temporal dun xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns polo sistema de concurso- oposición libre.

SEGUNDA: REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para seren admitidos no proceso selectivo, as persoas candidatas deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e manter durante todo o proceso, os requisitos que se especifican a continuación:

Requisitos xerais:

a) Ter nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois/españolas ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, así como as/os descendentes de ambos os cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas. As mesmas Oregras aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os estranxeiros/as que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

b) Ter cumpridos os dezaioito anos de idade e non ter cumprido a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría a que se opte; acreditarase mediante certificado médico que xustifique que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e psíquicas e de que non padece enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

d) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, graduado escolar ou equivalentes aos efectos laborais

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Requisitos específicos:

a) XEFE DE BRIGADA

- Estar en posesión do título de Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, Técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou Formación Profesional equivalente.
- Estar en posesión do permiso de conducir tipo B

b) PEÓN CONDUTOR:

- Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

TERCEIRA: PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr Alcalde do Concello de Tordoia que se presentará no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera dos medios que establece ao artigo 38.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas no prazo de cinco días naturais ao seguinte á publicación do anuncio en prensa no taboleiro de edictos e na páxina web do concello, no formato publicado como anexo I.

No caso de presentar a solicitude por medio distinto ao do rexistro municipal, deberase adiantar por fax, un resguardo de ter presentado a solicitude dentro do prazo de presentación de instancias.

Aquelas solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido a tal efecto, quedarán excluídas do proceso de selección.

Xunto á instancia, que deberá presentarse conforme o modelo do anexo I, debe presentarse a seguinte documentación:

- Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou pasaporte.
- Copia compulsada da titulación académica esixida e do carné de conducir B, segundo o posto.
- Copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso.



CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 - FAX.: 981.69.00.05

- Certificado médico que xustifique que o aspirante ten aptitude física para realizar as probas físicas de selección desta convocatoria e que acredite que reúne as condicións físicas e psíquicas e que non padece enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

CUARTA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde, mediante resolución aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal, relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión. Nesta resolución incluírase a composición do tribunal.

Os aspirantes excluídos disporán do prazo de DOUS DÍAS NATURAIS para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas, a partires da publicación da listaxe provisional no taboleiro de edictos e na páxina web.

Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a listaxe definitiva, que se publicará na mesma forma. Na mesma indicárase a data, hora e lugar de celebración das probas.

Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva da persoa aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa-Administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

QUINTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR

1. O tribunal cualificador designado pola alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e en base ó establecido pola Lei 2/2015 do emprego público de Galicia) estará integrado polos seguintes membros:

- Presidenta/e (titular e suplente): Un empregado municipal con titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogais (titular e suplente): Un empregado municipal con titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaria/o (titular e suplente): Un empregado municipal con titulación igual ou superior á de agora esixida.

2. O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

3. Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 28.2 de Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4. O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5. O tribunal non poderá declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ó da praza convocada, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados pero que figuren como aprobados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válido para a presente convocatoria.

6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

7. Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias se clasificarán consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

SEXTA: SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso-oposición cos candidatos que no prazo establecido presentaran a súa documentación, tendo en conta que a fase de concurso de méritos será valorado en segundo lugar, e só no caso dos aspirantes que superaron a fase de oposición.

Os aspirantes convocaranse para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade.

A cualificación dos exercicios, así como o resultado dos méritos alegados, farase pública mediante a publicación da correspondente acta do tribunal de selección no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello.

A puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, dos aspirantes que a superen, e na fase de concurso.

No caso de que un/ha mesmo/a aspirante se presente a varias das categorías de persoal laboral obxecto de selección realizará unha soa vez aquelas probas que sexan iguais nas categorías presentadas.

Fase de oposición:

A oposición constará dunha proba de aptitude física de carácter obrigatorio e eliminatorio.

PROBA DE APTITUDE FÍSICA

Consistirá en camiñar 3.200 metros sobre terreo chan cun peso de 11 kg ás costas nun tempo inferior a 30 minutos. Os aspirantes deberán vir provistos de zapatillas de deporte e dunha mochila cargada co peso antedito. Non está permitido correr durante a realización da proba.

Só se permitirá un único intento para superar a proba.

Fase do concurso:



CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 - FAX.: 981.69.00.05

A puntuación nesta fase virá determinada pola suma das puntuacións dos méritos valorados por cada aspirante.

A) Experiencia profesional: puntuación máxima 5 puntos.

1. Por servizos prestados na Administración Pública na mesma categoría ou similar á do posto ao que opta: 0,20 por cada mes completo ou fracción.
2. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto de traballo ao que se opta: 0,10 por cada mes completo ou fracción.

B) Formación previa. Cursos relacionados co traballo a realizar impartidos ou homologados polas administracións ou organismos públicos. Ata un máximo de 2 puntos.

- | | | |
|----|--------------------------------|-------------------|
| 1. | Cursos de máis de 50 horas: | 0,50 puntos/curso |
| 2. | Cursos de entre 20 e 50 horas: | 0,20 puntos/curso |
| 3. | Cursos de menos de 20 horas: | 0,10 puntos/curso |

C) Coñecemento da lingua galega. Acreditado polos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia.

- | | | |
|----|------------------|-------------------|
| 1. | Iniciación | 0,25 puntos/curso |
| 2. | Perfeccionamento | 0,50 puntos/curso |
| 3. | Especialización | 0,75 puntos/curso |

Entrevista persoal:

A puntuación máxima nesta fase será de 3 puntos.

A entrevista versara sobre os méritos específicos e adecuados ás características do posto.

Na entrevista persoal valorarase a dispoñibilidade e o coñecemento específico do posto de traballo, responsabilidade que comporta o seu desempeño, a súa capacidade de diálogo e de traballo en equipo, así como motivación, coñecemento da zona, lingua e o que o tribunal considere oportuno. En caso de empate será o tribunal o que decida.

SÉTIMA: CONTRATACIÓN

Os/as aspirantes que, tralo remate do proceso selectivo, obteñan a maior puntuación en cada unha das tres categorías serán propostos polo tribunal de selección para a súa contratación para levar a cabo a prevención e defensa contra incendios forestais obxecto do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Tordoia.

Os contratos de traballo que se formalicen serán de duración determinada na modalidade de obra ou servizo e extinguiranse, en todo caso, coa realización das actuacións que motivan a subscripción do Convenio de Colaboración mencionado,

que están fixadas nun prazo máximo de 3 meses con distribución de quendas segundo o que estableza a alcaldía ou persoa na que delegue, para dar cumprimento ás cláusulas do convenio.

No contrato de traballo formalizado establecerase un período de proba de 15 días.

O persoal seleccionado recibirá a formación complementaria conforme ao establecido na cláusula oitava punto 5 do convenio, en relación ás tarefas a desenvolver.

OITAVA: RETRIBUCIÓN

As retribucións brutas mensuais estipuladas serán as seguintes:

- Un xefe de brigada: 1401,09 euros brutos mensuais (1.200,00 € mais 201,09 € de prorrata da extra).
- Un peón condutor: 1.167,58 euros brutos mensuais (1.000,00 € mais 167,58 € de prorrata da extra).
- Tres peóns: 1.167,58 euros brutos mensuais (1.000,00 € mais 167,58 € de prorrata da extra).

NOVENA: FORMACIÓN DE LISTAS DE RESERVA

Con todos aqueles aspirantes que non sexan propostos para a súa contratación, e superaran todos os exercicios, elaborárase unha lista de reserva, por orde decrecente de puntuación, os cales poderán ser chamados para futuras contratacións, derivadas de baixas, substitucións, etc.


A vixencia da citada lista será a mesma que o período de contratación da brigada que resulte tras o presente proceso selectivo. Se un/unha aspirante renuncia á contratación será borrado da lista. Se presenta a súa renuncia durante a vixencia do contrato pasará a ocupar o último lugar da lista.

DÉCIMA: RECURSOS

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En Tordoia a 14 de xuño de 2017

O Alcalde



Antonio Pereiro Liñares